

CONDICIÓN XERAIS

NA PARADA

- Espere ao bus na parada ou marquesina. Indique a súa intención de subir.
- Prepare tarxeta/efectivo. **Cambio máximo 10 €**

ACCESO

- Acceso xeral pola porta dianteira.
- Agarde a que o vehículo se atope detido. Respecte a quenda para acceder.
- Absterse de acceder co autobús completo, cando o persoal condutor o indique por motivos técnicos ou se esta fóra de servizo.
- Non se poderá acceder unha vez pechadas as portas tras parada para recoller viaxeiros e iniciada a manobra de reincorporación.
- Abone ou valide o título de transporte e consérvoo ata a fin do traxecto.
- Os menores de 4 anos viaxan gratis (máx. 2 por adulto). Os menores de 6 anos deben viaxar acompañados de adulto.

VIAXE

- Evite obstaculizar o desprazamento no interior do vehículo, suxéitese, e sitúese se é posible preto da porta de saída.
- Respecte as reservas de asento e espazos de ocupación preferente.
- Comunique coa debida antelación a solicitude de parada e descenda polas portas habilitadas ó efecto.



Persoas con mobilidade reducida

- Preferencia para a utilización dos asentos e espazos reservados.
- De non ter asentos libres, deben situarse nunha zona próxima á saída, debidamente asidos, e evitando desprazamentos co vehículo en movemento.



Animais

- Poderán viaxar animais pequenos e domésticos de compañía en receptáculo pechado.
- O receptáculo pechado debe ir no colo da persoa portadora e, no seu caso, de ir no chan, entre os seus pés.



Cans guía e de asistencia

- Preferencia de acceso.
- Debidamente identificado con distintivo oficial e de conformidade co disposto na normativa.
- Suxeitos e controlados polos seus donos.



Vultos

- Medida máxima: 100x50x20 cm.
- Sen molestar ou prexudicar ao resto da pasaxe nin obstaculizar o paso
- As antucas e paraugas deben situarse en vertical, e as mochilas ao pé do portador.



Coches e cadeiras infantís

- Acceso preferente de cadeira de rodas.
- Máximo: 2 unidades segundo a capacidade e características do autobús (2 en autobús – 1 en microbús). O acceso con cadeiras xemelgas supón a ocupación de 2 espazos.
- Acceso pola porta dianteira, situado na plataforma central. De estar ocupada, pode acceder co coche/cadeira encartado de existir espazo.
- Colocación en sentido contrario á marcha, cos freos postos. Debe ir suxeito pola persoa responsable durante a viaxe.
- Baixada pola porta central, descendendo primeiro quen o conduce e despois o carriño para evitar atrapamentos.



Cadeiras de rodas e escúteres

- Acceso e ocupación preferente da plataforma central.
- Máximo de 2 por vehículo segundo as especificacións da ficha técnica.
- Acceso e baixada pola porta central, solicitando a rampla.
- Situación na plataforma central, mirando cara atrás, coa cadeira apoiada no soporte ou respaldo, cos freos postos e empregando os elementos de suxeición existentes.
- O acceso de escúteres PMR queda condicionado á disposición do carné identificativo habilitante.